# A ESCOLA DO FARO

FARO DE VIGO

MARTES, 27

FEBREIRO DE 2018

Nº 368






Dous dos grupos circenses a cargo dos alumnos do CEIP Porto Cabeiro.

**REDACCIÓN**

# O circo de Porto Cabeiro

## O colexio redondelán celebra un Entroido innovador e solidario

O Entroido do colexio público de Porto Cabeiro, Redondela, foi organizado de xeito totalmente distinto que outros anos, nos que soamente facían un desfile. Este ano engadíronlle o compoñente solidario, xa que este curso colaboran coa Asociación Sonrisas por Tiritas, polo que o que recaudaron de vender (unha doazón totalmente voluntaria das familias) unhas entradas, palomitas, etc.. foi entregado íntegramente a esta asociación.

Esta asociación tamén colaborou no Día da Paz, achegándose ao colexio a dar a coñecer o seu traballo cos nenos/as que están hospitalizados a cargo de 3 doctores "Tiritas", e tamén fixeron unha serie de xogos con todo o alumnado do centro.

O entroido deste curso consistíu na realización dun espectáculo circense con todo o que esto conleva: preparación de decorados –carpa, pista, ...–, elaboración dos traxes, vestimenta de todos os artistas, a preparación e ensaio de cada número do circo: malabares, contorsionistas, magos, pallasos, equilibristas, mimos, zancos, domadores de letras, forzudos, presentadores, persoal do circo, músicos, bailaríns,.. que corre a cargo de cada mestra/e do centro.

Cada número estivo formado por alumnos/as de todos os cursos, é dicir, todos os grupos tiveron artistas de todas as idades. Tamén se prepararon entradas por parte dos alumnos/as, preparación e publicación dos carteis que anunciaron á Comunidade educativa o día do espectáculo, etc.. Todo un éxito de organización e traballo de alumnos e profesores.



O grupo de pallasos.





Os malabaristas de Porto Cabeiro. Abaixo, outras das montaxes.


Coordina: Marisa Reboiras // Correspondencia: A ESCOLA DO FARO. FARO DE VIGO. Policarpo Sanz, 22, Vigo // Teléfonos: 690 20 37 22 / 986 81 46 00 Fax: 986 81 46 51 // e-mail: jportela@epi.es



COLEGIO VIGO
CENTRO PLURILINGÜE CONCERTADO

aniversario 50 formando desde 1968

Centro adherido al programa internacional Erasmus+

Infantil (desde los 3 años)
Primaria
Secundaria. ESO
Bachilleratos:
-Científico-Tecnológico
-Humanidades-Ciencias Sociales

Ciclo FPB
-Mantenimiento de Vehículos
Ciclos Medios:
-Electromecánica de Vehículos
-Instalaciones Eléctricas y Automáticas
-Actividades Comerciales

reserva ya tu plaza para el curso 2018_19

Comedor Escolar
Servicio Autobuses
Aula Madrugadores

Bolsa de Trabajo PROPIA
Opción de prácticas en empresas en el extranjero con el programa Erasmus+

Colegio Vigo: Rande. Redondela
colegiovigo@colegiovigo.com. 986 400 762 . www.colegiovigo.com